REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de febreiro de 2018, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais

1.1 23902 (10/POC-003974)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula
Sobre as previsións da Televisión de Galicia para a emisión en alta definición
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018

1.2 24410 (10/POC-004059)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para fixar o tempo destinado no espazo informativo "Telexornal "á información referida ás forzas políticas galegas con representación parlamentaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

1.3 25248 (10/POC-004157)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a información emitida no Telexornal da TVG en relación coa manifestación cidadá contra a reforma da Lei de saúde, levada a cabo o día 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

1.4 25322 (10/POC-004160)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a cobertura informativa dada no Telexornal Mediodía Fin de Semana da TVG á manifestación cidadá contra as reformas da Lei de sanidade levada a cabo o día 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

1.5 25839 (10/POC-004231)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a cobertura informativa da manifestación do día 4 de febrero de 2018 en Santiago de Compostela, contra os recortes e pola paralización da reforma sanitaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 261, do 15.02.2018

1.6 25916 (10/POC-004237)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre os proxectos audiovisuais que se están a desenvolver en Galicia co apoio económico da Corporación da Radiotelevisión de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P

Vicepresidenta

María Ángeles Antón Vilasánchez	P

Secretaria

Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 23902(10/POC-003974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre as previsións da Televisión de Galicia para a emisión en alta definición

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 12:52
Nº Rexistro: 23902
Data envio: 23/01/2018 12:52:37.665

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Mª Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

O legado político de Don Manuel Fraga continúa pasándolle factura a Galicia aínda hoxe. A Cidade da Cultura é quizais a herdanza envelenada máis salientable, pero hai outras que tamén merecen a nosa atención, como as concesións de TDT autonómica. As licencias adxudicadas polo ex-ministro franquista o 22 de xullo de 2005, a tan só unha semana de deixar o cargo de Presidente, foron parar ao Grupo Voz e a Popular TV, propiedade do grupo Cope. Como puidemos comprobar ao longo dos anos, os criterios da adxudicación non foron os méritos dos beneficiarios (que nin sequera foron quen de cumprir os seus compromisos) senón a súa proximidade ideolóxica ao goberno popular. Para o PP, o obxectivo era comprar o favor de importantes empresas de comunicación, non garantir o dereito básico dos galegos a estar informados, nin nada semellante.

A xogada de Don Manuel Fraga foi rematada polo seu discípulo Núñez Feijóo na lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2017, que incluía unha prórroga das licencias ata o ano 2021 para darlles a oportunidade de competir en mellores condicións coas novas plataformas tecnolóxicas. Esa foi a escusa, pero a realidade é que nese momento V Televisión, que comezou a emitir no ano 2010, e Popular TV non só non estaban en condicións de competir, senón que nin sequera eran capaces de cumprir o que pactaran. O caso de Popular TV é notorio, xa que levaba sen emitir dende xullo de 2013 e, cando cesou as súas emisións, tiña contratadas á metade das persoas que lle correspondían. V Televisión

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 12:52
Nº Rexistro: 23902
Data envio: 23/01/2018 12:52:37.665

continuou emitindo ata o pasado nadal, pero sen atender tampouco aos seus deberes no que respecta á contratación. Nos primeiros anos en antena, empregou tan só a terceira parte do persoal que tiña que contratar e o ano pasado contaba con menos dun 20% do persoal que se fixara na propia norma para a concesión dos canais autonómicos de TDT. A maior parte dos postos de traballo eran de persoal en prácticas, alumnos do máster de La Voz, así como por estudantes de ciclos de audiovisuais. O fracaso do proxecto de V Televisión rematou por converter a canle nun programa case ininterrompido de teletenda.

Deste xeito, a neglixencia do goberno popular, que tiña o deber de garantir o cumprimento das condicións das licencias, fixo que Galicia quedara sen ningunha televisión privada na TDT. Tal e como sinala o Colexio de Xornalistas, isto supón "un prexuízo para toda a sociedade, polo que significa de empobrecemento da diversidade informativa".

O asunto agrávase aínda máis ao considerar que, ao mesmo tempo, a televisión pública de Galicia é a única televisión autonómica do Estado que non emite en HD por falta de ancho de banda, algo que se podería ter solucionado rescindindo as licencias ao Grupo Voz e a Popular TV polo incumprimento grave e reiterado das súas obrigacións.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes PREGUNTAS para a súa resposta oral en Comisión:

- A CRTVG considera a posibilidade de alugarlle o ancho de banda ao Grupo Voz e a Popular TV para emitir en HD?
- Cando se prevé que a TVG comece a emitir en HD?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2018 12:52
Nº Rexistro: 23902
Data envio: 23/01/2018 12:52:37.665

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Mª Ánxeles Acuña Bóveda

Paula Vázquez Verao

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/01/2018 12:50:24

Paula Vázquez Verao na data 23/01/2018 12:50:33

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.2 24410(10/POC-004059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os criterios seguidos pola CRTVG para fixar o tempo destinado no espazo informativo "Telexornal "á información referida ás forzas políticas galegas con representación parlamentaria

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:41
Nº Rexistro: 24410
Data envio: 30/01/2018 16:41:50.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control e seguimento da CRTVG**, sobre o espazo informativo das forzas políticas con representación parlamentar.

En numerosas ocasións no seo da Comisión de seguimento e control da CRTVG, desde a Dirección Xeral da Corporación tense defendido a cobertura informativa que reciben as organizacións políticas representadas no arco parlamentar asegurando que cumpren os principios de pluralismo e representatividade.

Este feito leva a que, por exemplo, as informacións do Bloque Nacionalista Galego –independentemente do contido das mesmas—ocupen apenas un promedio de 33 segundos no telexornal.

Tomando como exemplo o Telexornal Mediodía do 29 de xaneiro de 2018 a peza correspondente ao BNG tivo unha duración de 26 segundos. Se revisamos ese espazo informativo ao longo do mes de xaneiro vemos como, se se recolle algunha información referida ao BNG --pois non sempre acontece, a peza ocupa, como moito entre 27 e 36 segundos.

O día 22 de xaneiro, por exemplo, no que o BNG compareceu publicamente para reclamar a tributación en Galiza da Seguridade Social (cuestión recollida no Estatuto de Autonomía de 1981 como indicou a portavoz nacional do BNG) a peza correspondente tivo 31 segundos no Telexornal Mediodía. Ese mesmo día, nese mesmo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:41
Nº Rexistro: 24410
Data envio: 30/01/2018 16:41:50.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informativo, unha información sobre a moda de chamar aos centros de ensino de Bos Aires para advertir, por parte do alumnado, dunha ameaza de bomba ocupou 2 minutos 25 segundos.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control e seguimento da CRTVG:

1. Que criterios emprega a CRTVG para fixar os minutos que ocupa no Telexornal a información referida ás forzas políticas galegas?

2. Cre que unha media de 33 segundos de información representan o pluralismo político, contribúen ao debate democrático e promoven o espírito crítico na sociedade galega, tendo en conta que estes son obxectivos xerais de servizo público da CRTVG recollidos no Mandato Marco de 2015?

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 16:41
Nº Rexistro: 24410
Data envio: 30/01/2018 16:41:50.044

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 30/01/2018 16:40:57

María Montserrat Prado Cores na data 30/01/2018 16:41:02

Ana Pontón Mondelo na data 30/01/2018 16:41:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 30/01/2018 16:41:05

Noa Presas Bergantiños na data 30/01/2018 16:41:08

Xosé Luis Bará Torres na data 30/01/2018 16:41:09

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.3 25248(10/POC-004157)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a información emitida no Telexornal da TVG en relación coa manifestación cidadá contra a reforma da Lei de saúde, levada a cabo o día 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 25248
Data envio: 05/02/2018 17:29:38.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control e seguimento da CRTVG**, sobre o espazo que ocupou a masiva manifestación do 4 de febreiro de 2018 no Telexornal mediodía da TVG.

O 4 de febreiro de 2018 tivo lugar en Compostela unha masiva mobilización social contra a reforma da Lei de Saúde proposta polo goberno da Xunta de Galiza.

Milleiros de persoas secundaron a convocatoria lanzada pola plataforma SOS Sanidade Pública, as organizacións sindicais, colectivos profesionais, asociacións de doentes e, tamén, as forzas políticas da oposición.

A masiva manifestación veu precedida por numerosas concentracións e mobilizacións de carácter local/comarcal, nomeadamente naqueles lugares afectados pola conversión das áreas sanitarias da Mariña, Monforte, O Salnés e O Barco en meros distritos dependentes da xestión dos hospitais provinciais.

Porén, malia a participación de milleiros de persoas, a TVG decidiu que a crónica ocupase un espazo secundario na grella situándose por detrás, no Telexornal mediodía, da vaga de frío, a neve, a homenaxe a Diana Quer na Pobra, a convención do Partido Popular en Córdoba a prol da prisión permanente revisábel ou a enésima opinión do presidente do goberno español sobre Catalunya.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 25248
Data envio: 05/02/2018 17:29:38.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión de seguimento e control da CRTVG:

Considera a Dirección Xeral da CRTVG correcto o espazo que ocupou a multitudinaria manifestación do 4 de febreiro contra a reforma da Lei de Saúde no Telexornal da TVG?

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2018 17:28:45

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2018 17:28:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 17:29
Nº Rexistro: 25248
Data envio: 05/02/2018 17:29:38.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2018 17:28:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2018 17:28:57

Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2018 17:29:01

Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2018 17:29:04

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.4 25322(10/POC-004160)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a cobertura informativa dada no Telexornal Mediodía Fin de Semana da TVG á manifestación cidadá contra as reformas da Lei de sanidade levada a cabo o día 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 12:25
Nº Rexistro: 25322
Data envio: 06/02/2018 12:25:36.784

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión Permanente non Lexislativa da CRTVG.

O Telexornal Mediodía Fin de Semana da TVG do día 4 de febreiro de 2018, día no que tivo lugar en Santiago de Compostela unha manifestación contra as reformas da Lei de sanidade, iniciouse ás 14:33.

Pese a ser a nova política máis destacada da comunidade autónoma, a secuencia das noticias foi a seguinte:

1. Relacionadas co temporal de 14:33 a 14:42 (9 minutos).
2. Relacionadas coa homenaxe a Diana Quer e a posición do Sr. presidente do Goberno de España e o Partido Popular de 14:43 a 14:47 (6 minutos)
3. Sobre a situación en Cataluña de 14:49 a 14:52 (3 minutos)
4. Sobre a manifestación contra as reformas da Lei de sanidade de 14:52 a 14:54 (2 minutos)
5. Declaracións do director xeral de Asistencia Sanitaria sobre a mobilización social en contra da reforma de Lei de sanidade.

Ten especial relevancia que nos dous minutos que se lle dedicaron á manifestación de Santiago deuse conta dela e entrevistaron a catro persoas.

Semella que para os responsables dos servizos informativos, unha manifestación á que acudiron milleiros de persoas resulta menos importante que a situación de Cataluña, dado que, como é obvio, ten moita maior repercusión sobre a vida da poboación galega o Goberno de Cataluña que a atención sanitaria que reciben por parte do Sergas.

Ante esta situación o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Considera o Goberno galego que a cobertura informativa que se lle deu á manifestación á que se fai referencia foi correcta?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/02/2018 12:25
Nº Rexistro: 25322
Data envio: 06/02/2018 12:25:36.784

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2ª) Como se xustifica que se lle dea máis relevancia á situación en Cataluña que á manifestación?

3ª) Cabe interpretar que se trata dun caso máis de manipulación informativa, coa finalidade de minimizar o volume da protesta cidadá ante a reforma da Lei de sanidade?

4ª) Que criterios se seguiron para ordenar as noticias e o tempo dedicado a cada unha delas?

Pazo do Parlamento, 6 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/02/2018 12:02:17

Noela Blanco Rodríguez na data 06/02/2018 12:02:29

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.5 25839(10/POC-004231)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Vázquez Verao, Paula

Sobre a cobertura informativa da manifestación do día 4 de febrero de 2018 en Santiago de Compostela, contra os recortes e pola paralización da reforma sanitaria

Publicación da iniciativa, 261, 15.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:53
Nº Rexistro: 25839
Data envio: 08/02/2018 17:53:58.511

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Paula Vázquez Verao, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na Comisión **da CRTVG.**

O día 4 de febreiro de 2018 houbo unha manifestación multitudinaria ateigando as rúas de Santiago de Compostela contra os recortes e pola paralización da reforma sanitaria. Saíu da Alameda ás 12:00 h. e rematou na Quintana ás 13.30h. A resposta masiva da cidadanía, chegada de toda Galicia, protestando contra o "desmantelamento dos hospitais comarcais", o "colapso" e o progresivo "proceso de privatización" foi contundente. Escoitáronse moitas voces, en especial as daquelas comarcas que poden perder a súa condición de áreas sanitarias. As que non queren unha "sanidade de segunda" O Barco, Monforte, A Mariña, O Salnés. Perderán capacidade de xestión, orzamentos e recursos. Unha reforma inxusta, desigual e insolidaria que dificultará o acceso á asistencia especializada á poboación rural.

A manifestación convocada por SOS Sanidade pública reuniu practicamente a toda a sociedade galega, sindicatos e todos os partidos políticos da oposición parlamentaria, agás Partido Popular. A Xunta cre que a manifestación que este domingo percorreu as rúas de Santiago en contra da reforma da Lei de Saúde ten como fin "obter réditos electorais" e desgastar ao Goberno galego en base a "datos falsos" que "non se axustan á realidade" e poden "xerar desconfianzas na sanidade pública". O da mentira e a falsidade dos datos é o argumento escollido polo Goberno galego. O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña (convidado nos Almorzos da Radio Galega), teimou nel e censurou os "datos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:53
Nº Rexistro: 25839
Data envio: 08/02/2018 17:53:58.511

falsos" empregados pola plataforma convocante tras presumir dun sistema sanitario "comparativamente a un nivel alto" aínda que por cousas por "mellorar".

Almuíña insistiu en que a nova Lei de Saúde "achega a sanidade aos cidadáns" e "mellora a participación cidadá", ademais de presumir do "mellor dato" en tempos de espera "desde que hai rexistros", unhas cifras discutidas e discutibles. Respecto da posibilidade de retirar a reforma da lei, negouna por completo.

Na reforma da lei o Goberno de Feijóo introduciu un artigo que faculta á Administración sanitaria a "conceder licencias ou ceder os seus dereitos de explotación sobre os resultados da investigación" á Consellería de Sanidade, o Sergas e as entidades que dependen deles. Di o texto da reforma: "poderán subscribir contratos ou convenios con outras entidades públicas e/ou privadas" para "a realización de proxectos específicos de investigación ou innovación" que "permitan o desenvolvemento conxunto de novas solucións, servizos ligados ao coñecemento, produtos ou tecnoloxías sanitarias". Isto é exactamente o que sucedeu nos convenios entre o Sergas e a americana Medtronic, no que a sanidade pública puxo cartos e persoal e, a empresa, tecnoloxía, executivos e produtos para desenvolver proxectos de "calidade" na atención sanitaria que despois a compañía prevé ofertar ao "mercado". Farán negocio, sen dúbida.

Tamén está prevista na reforma a supresión do artigo que garantía que os consellos de saúde, os órganos de asesoramento e control da Consellería de Sanidade que integran empresarios, sindicatos e organizacións cidadás, tivesen acceso aos contratos de servizos sanitarios, concertos e subvencións cando así o solicitaran. A nova lei establece que os membros destas entidades serán ademais elixidos, en exclusiva e por decreto, polo Goberno de Feijóo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:53
Nº Rexistro: 25839
Data envio: 08/02/2018 17:53:58.511

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Escoitamos reiteradas veces na radio e na TV as declaración do Conselleiro de Sanidade, e outros representantes do PP acusando ás asociacións en defensa do sistema público e aos partidos da oposición de manipulación e mentira como arma política. Así desprezan a todas as persoas que non queren ver mermados os seus dereitos.

Porque non cren nunha sanidade universal e equitativa. Porque non modifican a lei para que haxa máis dereitos. Seguen facendo ouvidos xordos, tanto ás emendas de devolución como ás reclamacións da cidadanía. Non queren dialogar. Gobernan de costas á nosa sociedade.

Polo anteriormente exposto, as deputadas que subscriben presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- As imaxes son impecables e non detectamos manipulación, pero si cremos que como non había pancarta do PP o interese diminuíu e pagaba máis a pena salientar a nova sobre a excelencia dos hospitais do Sergas e a boa atención que se presta neste (2´10´´). Non é así?
- Como é posible que a única cobertura da noticia durase tan só 1:5”?
- Tendo en conta o inmenso respaldo dos traballadores e traballadoras da sanidade en defensa da sanidade pública, en urxencias, en atención primaria e en hospitais, considera que 1´50´´de cobertura informativa garante a pluralidade?
- Cre que o Proxecto de modificación da Lei Galega de Saúde merece ocupar a 7ª posición con respecto aos demais temas do día?
- Se o primeiro tema na orde da escaleta é a situación das estradas e o temporal (5´30´´), non cre que ben podían ter anunciado que malia a climatoloxía milleiros de persoas se deron cita para reclamar unha sanidade pública?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 17:53
Nº Rexistro: 25839
Data envio: 08/02/2018 17:53:58.511

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- Non sería salientable dende a CRTVG algún programa de debate no que se enfatizase a necesidade de abrir procesos de negociación, contando coa presenza de representantes de colectivos profesionais, SOS Sanidade Pública, organizacións políticas e sindicais?
- Que opinión lle merece: a sanidade pública está en perigo?
- Non merece máis espazo que se pretenda dificultar o acceso á asistencia especializada da poboación rural; privatizar a formación, a investigación e a innovacións sanitaria; acabar coa participación social para o control da sanidade; limitar o acceso á información do Sergas, outorgando á Xunta a capacidade para decidir quen participa na súa fiscalización; favorecer os negocios privados; reducir as áreas sanitarias?

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda
Paula Vázquez Verao
Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 08/02/2018 17:51:23

Paula Vázquez Verao na data 08/02/2018 17:51:29

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Día: 28.02.2018 Hora: 16:00

Orde do día

1.6 25916(10/POC-004237)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre os proxectos audiovisuais que se están a desenvolver en Galicia co apoio económico da Corporación da Radiotelevisión de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 11:46
Nº Rexistro: 25916
Data envio: 09/02/2018 11:46:45.547

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, María Antón Vilasánchez, Silvestre José Balseiros Guinarte, Jaime Castiñeiras Broz, Guadalupe Murillo Solís, Aurelio Nuñez Centeno e Moisés Rodríguez Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión da Corporación da RTVG.**

A Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia inclúe entre os seus principios inspiradores, recollidos no artigo 4, a procura do desenvolvemento do nosos sector audiovisual dende o punto de vista da mellora da súa contribución á economía da comunidade autónoma.

Neste contexto e dado que esta Lei regula o ser, o funcionamento e os obxectivos que rixen a Corporación de Radio Televisión de Galicia, esta dedica unha das súa principais partidas de gasto á adquisición e ao financiamento de produtos audiovisuais con selo galego.

En relación con este asunto, o os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan as seguintes preguntas:

-Que proxectos audiovisuais que se están a desenvolver en Galicia contan co apoio económico da Corporación da Radio Televisión de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 09/02/2018 11:44:30

Maria Antón Vilasánchez na data 09/02/2018 11:44:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/02/2018 11:46
Nº Rexistro: 25916
Data envio: 09/02/2018 11:46:45.547

Silvestre Balseiros Guinarte na data 09/02/2018 11:44:57

Jaime Castiñeira Broz na data 09/02/2018 11:45:09

María Guadalupe Murillo Solís na data 09/02/2018 11:45:18

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/02/2018 11:45:31

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/02/2018 11:45:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com